



## LIGA DE NATACIÓN ESCOLAR CONCELLO DE VIGO

**1. Organización:** A Liga de Natación Escolar “Concello de Vigo”, está organizada polo Club Natación Vigo Rías Baixas e o Concello de Vigo, coa colaboración da Fundación Vide.

**2. Sede:** Piscina Municipal do Carme (Complexo Municipal das Travesas).

### **3. Datas:**

- \* 1ª Xornada: 24 de Febreiro
- \* 2ª Xornada: 24 de Marzo
- \* 3ª Xornada: 28 de Abril

**4. Horarios:** As xornadas desenvolveranse dende as 9.00 hasta as 14.00 horas, podendo variar en función do nivel de participación, indicándose, en todo caso e con antelación suficiente, os posibles cambios ós colexios participantes.

### **5. Inscripción:**

- Gratuita.
- Data límite inscrición: Pecharase o luns da semana de competición de cada unha das xornadas sempre que haxa prazas dispoñibles.
- Cómo facer a inscrición: Os centros escolares remitirán o documento tipo de inscrición do colexio e as follas individuais dos/das participantes por calquera das seguintes vías:
  - Mail: vide@vide.es
  - Presencial na Fundación Vide: Rúa Cesáreo González s/n (Horario: Mañás de luns a venres de 09,00h a 14,00h e tardes, luns e mércores de 17,00h a 19,00h).
    - Documentos Tipo:
      - Folla Tipo de inscrición individual: Cada colexio deberá enviar unha folla de inscrición por cada nadador/a que participe na Liga, na que debe constar nome completo e ano de nacemento, nome do/da pai/nai ou titor/a, número de teléfono e autorización segundo modelo adxunto.
      - Folla Tipo de centro e do responsable da actividade: Os centros escolares remitirán os datos do centro e do responsable da actividade (teléfono de contacto, e-mail,...).

### **6. Categorías:**

1

- Promesas: nadadores masculinos e femininos nados nos anos 2011, 2012 y 2013.
- Benxamíns: nadadores masculinos e femininos nados nos anos 2007, 2008, 2009, y 2010.





## 7. Probas:

\*Programa da primeira e segunda das xornadas:

- 25 metros libres mixtos Promesas.
- 25 metros costas mixtos Promesas.
- 25 metros libres mixtos Benxamín.
- 25 metros costas mixtos Benxamín.

\* Programa da derradeira xornada:

- 
- 25 metros libres mixtos Benjamín.
- 25 metros libres mixtos Promesas.

## 8. Competición, puntuacións e clasificacións:

\* As probas nadaranse polo sistema contrarreloxo.

\* Os resultados serán acumulativos o final da liga, obtidos das tres xornadas.

\* Cada nadad@r debe participar en ambas probas (estilo libre e costas).

\* Cronometraxe electrónico.

\* A puntuación será 600, 400, 350, 250, 200, 150, 100, 70, 60, puntos dende o primeiro ate o décimo clasificado en cada proba e 50 puntos para o resto de clasificados/as.

\* Clasificación de colexios: Para a clasificación de colexios, a efectos de puntuación, teranse en conta as puntuacións dos 3 primeiros nadadores masculinos e as 3 primeiras nadadoras femininas de cada colexio, en cada proba e categoría, con independencia do número de nadadores que participen por cada colexio, polo tanto obterase un colexio gañador en categoría benxamín e outro en promesa.

\* As puntuacións serán expostas a maior brevidade posible.

## 9. Participación e normativa:

◦ Aberta e gratuita: A competición está aberta a todos/as aqueles/as nadadores/as matriculados/as nos colexios de Vigo (Públicos, Concertados ou Privados) no ciclo educativo de primaria.

◦ Non existe limitación en canto ao número de nadadores/as que cada colexio poida inscribir en cada unha das probas a nadar en cada xornada.

◦ Cada nadador/a inscrito/a estará cuberto por un seguro de accidente contratado polo Concello de Vigo.





◦ Dentro da piscina, os/as nadadores/as deberán estar sempre acompañados por un/unha delegado/da representante de cada colexio. Os colexios con moitos participantes serán informados do número de delegados necesarios (os delegados poden ser membros do colexio, do ampa ou un pai/nai voluntario). Se algún colexio non dispón de delegado poderá ser asignado polo Club Natación Vigo Rías Baixas.

◦ A Competición rexerese pola normativa federada vixente.

## 10. Premios:

- \* Medallas para todos/as os/as nadadores/as.
- \* Trofeo aos 3 Colexios con maior número de participación.
- \* Trofeo aos 3 Colexios mellor clasificados.
- \* Trofeos aos 3 primeiros/as clasificados/as masculinos e femininos en cada unha das categorías.

## 11. Participación:

- \* Dende o CONCELLO de VIGO E O Club Organizador infórmase a tódolos pais, colexios e ampas que poden participar todos @s alumn@s que se atopen con ganas de facelo. Dispónse de medios, axudantes e colaboradores para que todos poidan nadar. *Que unha discapacidade non sexa unha barreira para ningún.*

## 12. Novedades:

- \* Farase entrega dun gorro de natación a cada nadador.
- \* Farase entrega dun agasallo a cada participante na primeira das xornadas.
- \* Este ano empregárase para a toma dos tempos dos nadadores un sistema de cronometraxe electrónico.
- \* No momento de participar cada nadador@ o seu nome, colexio o que pertence e rúa pola que nada, poderánse ver nunha pantalla de televisión que se instalarán para a ocasión.
- \* Na derradeira xornada os nadadores nadarán unicamente a proba de 25 m. libres mixtos.
- \* O remate da única proba da derradeira xornada farase un descanso para acto seguido realizar a entrega das medallas e trofeos o participantes.

